

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2023/17

DATA: mércores 13 de setembro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:20 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA ACCIDENTAL VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

AUSENTES

Rianxo en Común
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 572.044 exp. 2023/G010/000018

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 657/2023 DE 30.06.2023: PRESENTAR O PROXECTO: LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000018 e identificado pola pegada dixital:

f132826774a5e4a3e259c7372afec239e81b745bc192155f7e990fa7937bf066

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=gpFXOCe3GOA>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de presentación da subvención correspondente a Convocatoria de subvenciones para apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e a contribución a transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU para o exercicio 2023, e ante o prazo de presentación que remata o 15 de setembro de 2023

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sométese a ratificación da urxencia a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR A URXENCIA nos termos desta.

2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 657/2023 DE 30.06.2023: SOLICITUDE SUBVENCIÓN DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE - E PRESENTAR O PROXECTO: LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 657/2023 DE 30.06.2023: SOLICITUDE SUBVENCIÓN DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE - E PRESENTAR O PROXECTO: LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN sen ditame previo de Comisión Informativa dado que se nos comunica que ten o prazo remata o 15 de setembro é ten que ser acordo plenario

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 30 de xuño de 2023, ditase a Resolución da alcaldía nº 657/2023, que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Subvención Fundación Biodiversidade

Asociación xestión " LABORATORIO ECOSOCIAL BARBANZA"

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Subvención da Fundación Biodiversidade FSP a grandes proxectos transformadores de índole científica -técnico para a promoción da bioeconomía e a contribución a transición ecolóxica

O proxecto denominado " Laboratorio Ecosocial do Barbanza "

Exp 2023/A008/000044

ANTECEDENTES

O Ministerio para a transición ecolóxica e Reto Demográfico e pola Fundación Biodiversidade publicou a Orden TED 408(2023 de 24 de abril pola que se modifica a Orden TED /1014/2021 de 20 de setembro, polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade FSP a grandes proxectos transformadores de índole científica -técnico para a promoción da bioeconomía e a contribución a transición ecolóxica, no mardo do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia e se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2021 e se afecta a convocatoria correspondente ao ano 2023

A Fundación RIA coordina o Laboratorio Ecosocial do Barbanza, no marco do que se presentará un proxecto

á convocatoria de axudas para o fomento da bioeconomía forestal 2023, promovida pola Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. O proxecto permitirá ás comunidades de montes de Rianxo, agrupadas na Plataforma pola Defensa do Monte, impulsar accións de gandería rexenerativa, restauracións ambientais e plantacións biodiversas para previr os lumes á vez que se crea emprego no monte. Paralelamente, o proxecto respáldase coa investigación da Universidades de Santiago de Compostela e Pablo de Olavide de Sevilla en materia de sustentabilidade e enerxía. A Fundación Montescola coordinará accións de voluntariado medioambiental. A Fundación RIA coordinará o desenvolvemento do proxecto e traballará na súa comunicación e divulgación.

O Concello de Rianxo, como socio da agrupación que presenta proxecto, impulsará un programa de obradoiros formativos coa Comunidade de Montes de Baroña e contribuirá á xestión do proxecto a través da contratación de servizos de consultoría. O orzamento total do proxecto é de 2 millóns de euros, dos que a Fundación Biodiversidad subvencionaría ata o 95%

*O proxecto denominado “ **Laboratorio Ecosocial do Barbanza** ” orzamento de 2.000.000€ de forma agrupada cos socios :*

- Fundación RIA

_Plataforma pola Defensa do Monte

- Universidade de Santiago de Compostela

-Universidade Pablo de Olavide

- Fundación Montescola

-Concello de Rianxo

As accións do proxecto consistirán :

-Acción de gandería rexenerativa, restauración ambiental e plantación biodiversas nos terreos das comunidades de montes de Rianxo

-Contratación de 6 persoal : Xestión e administración (a tempo parcial) ,Tecnico/a de monte , 2 gandeiros /as , 2 persoal para a transformación da madeira en alimentos.

-Medición da capacidade captura de carbono.

-Definición dunha comunidade enerxética

-Deseño de solos para áreas degradadas

- Programa de obradoiros formativos.

- Impulso de acción de voluntariado ambiental .

- Elaboración de materiais educativos,

_Documentación e divulgación .

O concello de Rianxo comprométese con esta solicitude a levar a cabo as seguintes actuacións:

- Programa de Obradoiros formativos de varios días aberto a cidadanía (subcontratación)*
- Contribución á xestión do proxecto e consultoría (suncontratación)*

Dado que a subvención ten que estar presentada como último día o 30 de xuño de 2023 e dado o pouco tempo dispón esta corporación como acordo agrupación non entrará en vigor ata que se conceda a axuda estimase que para poder concurrir a esta axuda se aprobe a adhesión a esta agrupación por resolución de alcaldía e posteriormente se leve a ratificar a pleno.

Visto o informe de secretaria con data 30 /06/2023 de acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Solicitar de forma agrupada coas anteriores entidades a través da coordinación Fundación RIA no marco do que se presentará a subvención e aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na antedita Orde Orden TED 408 para a actuación denominada "Laboratorio Ecosocial do Barbanza,

SEGUNDO

Remitir o acordo da agrupación e a solicitude da axuda e demais documentación necesaria .

TERCEIRO

Ratificar este acordo na primeira sesión plenaria

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 3657/2023, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Presentar o Proxecto ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO

Remitir o certificado do presente acordo aos interesados

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.